

Nós tamén queremos os sábados

A reivindicación da libranza de todos os sábados é histórica e reitérase periodicamente en todos os foros de negociación. En Banco Santander xa teñen todos os sábados. Nós tamén queremos a libranza de todos os sábados. En xullo expuxémoslle á dirección de RR HH iniciarmos negociacións sobre esta cuestión e, tanto entón como o 17 deste mes, RR HH manifesta a súa predisposición a negociar a libranza dos sábados compensando as horas coa apertura dunha ou dúas tardes todo o ano. Porén, onte propuxeron un *impasse* coa

finalidade de analizar o Acordo acadado no Santander e volveremos abordar esta cuestión o vindeiro 1 de outubro. Mentres, e tendo en conta a expectativa que todos temos de acadar acordos no sector para o peche dos sábados, os representantes de CC OO solicitámoslles aos conselleiros delegados de cada entidade unha moratoria da xornada de verán para o mes de outubro. A continuación reproducímosvos a carta enviada ao noso director xeral conselleiro delegado, señor Guardiola

É perfectamente coñecida no sector a histórica e insistente reivindicación, por parte do cadro de persoal e dos sindicatos que o representan, de conseguir o peche definitivo dos sábados. Froito desa persistente reivindicación e da vontade das empresas son os acordos de libranza de sábados existentes desde hai tempo noutras entidades bancarias. Por exemplo, un sábado de cada dous en BBVA, un de tres en Banesto ou no Popular que libran catro sábados.

Finalmente, o Acordo acadado en Banco Santander culmina este lento e constante traballo de negociación e reivindicación e posibilita a libranza definitiva de todos os sábados, pechando as oficinas. En paralelo a esta situación que se produciu no Santander, no resto de entidades do sector estase a negociar coa perspectiva de lograr a libranza dos sábados antes do primeiro sábado de outubro. Na nosa entidade tamén se iniciaron negociacións.



Creemos que a especial conxuntura que provoca esta situación, así como as negociacións existentes en todo o sector coa finalidade de pechar os sábados, nos autorizan a solicitarlle, como máximo responsable directivo desta entidade, que acceda a unha moratoria da xornada intensiva de verán ata final de outubro. A moratoria propiciará, sen dúbida, un acordo sobre esta cuestión.

CCOO expuxo esta demanda en todas as entidades bancarias.

Esperando unha resposta positiva á nosa proposta, aproveito para saudarlo cordialmente.

Sabadell, 18 de setembro de 2009»

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

Boletín de afiliación <small>Enviar a</small> 		3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo			
		DNI	Data / /
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lopd@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			

COMFIA-CCOO grupo banco sabadell

C. l'Horta Novella, 23 - 08201 Sabadell

CPI 3532-0002 Tel. (93) 748 13 22 - Fax (93) 725 86 76 CCO0901@bancsabadell.com

[http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/) adherida a la **unión network international**